



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la mejora del funcionamiento y la dotación de personal suficiente en el ISM y en las Capitanías Marítimas de Galicia.**

Los servicios prestados por las Capitanías Marítimas y el Instituto Social de la Marina (ISM) son esenciales en el desarrollo ágil y correcto de gran parte de las gestiones que tienen que llevar a cabo los trabajadores del mar en Galicia.

Sin embargo, y pese a su importancia, en ambos casos el propio sector y también el propio Bloque Nacionalista Galego, haciéndose eco de sus reclamaciones, vienen denunciando, a lo largo de los últimos años, una pérdida progresiva de personal e incluso el cierre de servicios en algunas zonas y, por tanto, un empeoramiento de la atención, cuestión que afecta directamente a la actividad y que provoca obstáculos que urge corregir.

En el caso del ISM, además de la continua reducción de plantilla de sus oficinas, de la falta de oferta de plazas en los cursos, incluso en el caso de los que son obligatorios para que los trabajadores y trabajadoras del mar puedan desempeñar su trabajo, la falta de facultativos en distintos puntos para llevar a cabo los reconocimientos previos al embarque, incluso se dan casos de retrasos intolerables en la tramitación de las pensiones de jubilación y viudedad.

Situaciones como las vividas recientemente en Camariñas, con las dependencias cerradas durante semanas por falta de cobertura de la plaza, la previsión de un sistema para realizar los reconocimientos médicos a distancia por falta de personal sanitario presencial, o la exigencia de que las tripulaciones cuenten con un certificado de haber superado un curso de formación sanitaria para el que no hay ninguna plaza hasta el mes de noviembre, impidiéndoles enrolarse, como está sucediendo en el área de la Capitanía Marítima de Vilagarcía, solo se explican por una total negligencia por parte de la Administración, por una falta de planificación y una infradotación de personal que causa graves perjuicios a los más de 18.000 afiliados y afiliadas del régimen especial del mar en Galicia, casi un tercio de los de todo el Estado, y que se suman al número cada vez mayor de obstáculos que tienen que sortear para poder llevar a cabo su trabajo cada día.



Por otro lado, el nuevo contenido del Real Decreto 186/2023, de 21 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento de Ordenación de Navegación Marítima, que entró en vigor el 15 de agosto, impone una serie de cambios administrativos que obligan al despacho digital y al rol electrónico, que sustituye actualmente al sellado presencia en las Capitanías de la libreta de navegación.

Procedimientos que, a priori, parecen facilitar y agilizar los diferentes trámites que era preciso realizar en las Capitanías de forma presencial, pero que requieren de un proceso de tiempo de formación y de adaptación que no se ha tenido en cuenta, máxime en un país donde, según la encuesta Ocupesca 2023 de la Xunta de Galicia, el 66,75% de la población que trabaja en la pesca en Galicia tiene entre 35 y 54 años y donde los trabajadores de 55 o más años ya suponen el 17,16%, por encima de los que tienen entre 16 y 34 años (16,09%).

En definitiva, un importante volumen de trabajo que disminuye proporcionalmente en las Capitanías y Distritos mientras que aumenta sensiblemente para los trabajadores y trabajadoras directamente afectados, muchos de ellos sin preparación digital alguna, y para las Cofradías, que llevan tiempo realizando el trabajo que en muchos casos corresponde a la propia Administración.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué actuaciones ha realizado el Gobierno para asegurar el mantenimiento de todos los servicios del ISM en Galicia?
2. ¿Qué medidas ha adoptado para mantener el personal médico necesario en los centros de sanidad marítima del ISM en Galicia?
3. ¿Mantendrá el Gobierno abiertas y plenamente operativas todas las oficinas del ISM en Galicia, reforzando la dotación de personal de las mismas para poder prestar los servicios para los que es competente de forma ágil y eficaz?
4. ¿Iniciará las actuaciones necesarias para la cobertura inmediata del personal facultativo de los centros de sanidad marítima en Galicia para evitar retrasos que impidan los embarques?



5. ¿Ha valorado o iniciado conversaciones con la Xunta de Galicia para que el SERGAS pueda realizar los reconocimientos médicos previos al embarque de los trabajadores y trabajadoras del mar? ¿Se ha avanzado hacia algún convenio al respecto? ¿De ser así, en qué consiste exactamente?
6. ¿Qué valoración hace de los cursos del ISM y la gestión de los mismos en Galicia? ¿Es consciente de la falta de plazas que impide la realización de cursos obligatorios para el embarque de los marineros? ¿Prevé alguna actuación para facilitar el acceso a los mismos o adoptar alguna medida de prórroga temporal mientras no existan plazas?
7. ¿Aumentará de forma urgente la oferta y mejorará la gestión de los cursos ofertados por el ISM en Galicia, en particular aquellos que de obligado cumplimiento para que los trabajadores y trabajadoras de mar puedan desempeñar su actividad laboral a bordo sin demora alguna?
8. ¿Retomará la contratación directa de los cursos ofertados por el ISM en Galicia, como fórmula para garantizar la oferta de plazas suficientes y evitar costes adicionales a la formación, sobre todo la obligatoria, de los trabajadores y trabajadoras del mar?
9. ¿Conoce el Gobierno la problemática de que la entrada en vigor del Reglamento de Ordenación de la Navegación Marítima está ocasionando a los trabajadores y las trabajadoras el mar y a las Cofradías? ¿Tiene previsto aplicar alguna medida para paliar las dificultades que están teniendo? ¿De ser así, cuál?
10. ¿Valora habilitar un período no inferior a seis meses para la formación y adaptación de los trabajadores y trabajadoras del mar a los nuevos requerimientos del Reglamento de Ordenación de Navegación Marítima durante el cual las Capitanías Marítimas sigan realizando los trámites digitales ahora obligatorios?

Madrid, a 15 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

15 SEP. 2025 10:51:25

Entrada **79502**

Sb a mellora do funcionamento e dotación de persoal suficiente no ISM e nas Capitanías Marítimas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á mellora do funcionamento e á dotación de persoal suficiente no ISM e nas Capitanías Marítimas na Galiza.**

Os servizos prestados polas Capitanías Marítimas e polo Instituto Social da Mariña (ISM) son esenciais no desenvolvemento áxil e correcto de grande parte das xestións que teñen que levar a cabo os traballadores e traballadoras do mar na Galiza.

Porén, e a pesar do súa importancia, en ambos os dous casos o propio sector e tamén o propio Bloque Nacionalista Galego, facéndose eco das súas reclamacións, veñen denunciando, ao longo dos últimos anos, dunha perda progresiva de persoal e mesmo de fechamento de servizos nalgunhas zonas e, por tanto, dun empeoramento da atención, cuestión que afecta directamente á actividade e que causa atrancos que urxe corrixir.

No caso do ISM, ademais da continuada redución do cadro de persoal das súas oficinas, da falta de oferta de prazas nos cursos, mesmo no caso dos que son obrigatorios para que os traballadores e traballadoras do mar poidan desempeñar o seu traballo, da falta de facultativos en distintos en distintos puntos para levar a cabo os recoñecementos previos ao embarque, danse casos mesmo dunha demora intolerábel na tramitación de pensións de xubilación e viuvez.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

15 SEP. 2025 10:51:25

Entrada **79502**



Situacións como as vividas recentemente en Camariñas, coas dependencias pechadas durante semanas por falta de cobertura da praza, a previsión dun sistema para realizar os recoñecementos médicos a distancia por falta de persoal médico presencial, ou a esixencia de que as tripulacións contén cun certificado de ter superado un curso de formación sanitaria para o que non hai ningunha praza até o mes de novembro impedíndoselle enrolarse, como está a pasar na área da Capitanía Marítima de Vilagarcía, só se explican por un total desleixo da Administración, por unha falta de planificación e unha infradotación de persoal que causa un grave prexuízo a máis de 18.000 afiliados e afiliadas ao réxime especial do mar na Galiza, case un terzo dos de todo o Estado, e que ven a sumarse ao número cada vez maior de obstáculos que teñen que sortear para poder levar a cabo o seu traballo cada día.

Por outro lado, a novo contido do Real Decreto 186/2023, de 21 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación da Navegación Marítima, que entrou en vigor o pasado 15 de agosto, impón unha serie de cambios administrativos que obrigan ao despacho dixital e ao rol electrónico, que substitúe agora ao selado presencial nas Capitanías da libreta de navegación.

Procedementos que, a priori, parece que permitirán facilitar e axilizar as distintas tramitacións que era preciso realizar nas Capitanías de xeito presencial, mais aos que lles cómpre un proceso de tempo de formación e de adaptación que non se tivo en conta, máxime nun país onde, segundo a enquisa Ocupesca 2023 da Xunta de Galiza, o 66,75% da poboación ocupada na pesca na Galiza está entre 35 e 54 anos e onde a de 55 anos ou máis xa suma o 17,16%, por enriba da de entre 16 e 34 anos (16,09%).

En definitiva, un importante volume de traballo que diminúe de xeito proporcional nas Capitanías e nos Distritos mentres aumenta sensibelmente para os traballadores e traballadoras directamente afectados, moitos deles sen preparación dixital algunha, e para as Confrarías, que xa veñen realizando dende hai tempo o traballo que en moitos casos corresponde á propia Administración.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que actuacións ten realizado o Goberno para asegurar o mantemento de todos os servizos do ISM na Galiza?
2. Que medidas adoptou para manter o persoal facultativo necesario nos centros de sanidade marítima do ISM na Galiza?
3. Manterá o Goberno abertas e plenamente operativas todas as oficinas do ISM na Galiza, reforzando a dotación de persoal das mesmas para poder prestar os servizos sobre os que é competente de xeito áxil e eficaz?
4. Iniciará as actuacións precisas para a cobertura inmediata do persoal facultativo dos centros de sanidade marítima na Galiza para evitar demoras que impidan os embarques?
5. Ten valorado ou iniciado conversas coa Xunta de Galiza para que o SERGAS poda realizar os recoñecementos médicos previos ao embarque dos traballadores e traballadoras do mar? Avanzouse xa nalgún convenio neste sentido? De ser así, en que consiste exactamente?
6. Que valoración fai dos cursos do ISM e da xestión dos mesmos na Galiza? É consciente da falta de prazas que impide a realización de cursos obrigados para o embarque das e dos mariñeiros? Prevé algunha actuación para facilitar o acceso a estes ou adoptar algunha medida de prórroga temporal en tanto non existan prazas?
7. Aumentará de xeito urxente a oferta e mellorará a xestión dos cursos ofertados polo ISM na Galiza, en particular dos de obrigado cumprimento para poder desenvolver a actividade laboral a bordo dos traballadores e traballadoras do mar sen necesidade de demora algunha?



8. Retomará a contratación directa dos cursos ofertados polo ISM na Galiza, como fórmula para garantir a oferta de prazas suficientes e de evitar sobre custos engadidos á formación, sobre todo a obrigatoria, dos traballadores e traballadoras do mar?
9. Coñece o Goberno a problemática que está a causar a entrada en vigor do regulamento de Ordenación da Navegación Marítima para traballadores e traballadoras do mar e para as Confrarías? Ten previsto pór en marcha algunha medida que palíe as dificultades que están a ter? De ser así, cal?
10. Valora habilitar un período non inferior a seis meses para a formación e a adaptación dos traballadores e traballadoras do mar aos novos requirimentos do regulamento de Ordenación da Navegación Marítima durante o cal os trámites dixitais agora obrigatorios se continúen a desenvolver por parte das Capitanías Marítimas?

Madrid, a 15 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso